

CONVERSAS CONTEMPORÁNEAS

Xoán Carlos Domínguez Alberte: “Soster que o castelán está en perigo son entelequias, tangaraños”

“A condición actual de nacionalismo aglutinante do bng determina que haxa que conxugar a fidelidade a uns principios ideolóxicos –sen dúbida situada na esquerda– coa necesidade de penetrar o discurso en novos sectores da sociedade”

POR MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Xoán Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros – Terra de Celanova, 1966). Profesor de ensino público. Autor dos libros de poesía *Material de outono* (2000), *As horas luminosas* (2005) e da peza dramática *A natureza no reino da escuridade* (2003). Responsable das edicións de creación *Mulher a facer vento* (1998), *Son de poesía* (2005), *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo* (2006); editor das Actas do I (II e III) Congreso Manuel Luís Acuña (2001, 2005, 2008) e d’O ano da memoria na escola (2006). Coordinador dos volumes *Represión, solidariedade e resistencia antifranquista* (2007) e *Migracións na Galicia contemporánea* (2008). Fixo estudos sobre a obra de autores do período da Segunda República e da diáspora galega en América. É autor do ensaio *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética* (1999). Ten traballos en diversas publicacións relacionadas coa literatura galega e realiza traducións literarias ao galego. Vencellouse en proxectos de colectivos transfronteirizos Galiza-Portugal. Participa na elaboración de materiais para o ensino.



Domínguez Alberte estudou autores da Segunda República e da diáspora galega en América

M.V. Comecemos por Galicia ou Galiza, se ti queres. Ti tes algunha dúbida verbo de nacionalismo e independentismo, é dicir, cres que ambos os dous termos son inseparábeis, ou polo contrario, como outros e outras, consideras que se pode ser nacionalista e non independentista? Cal é, xa que logo, a túa postura, a túa actitude?

X.C. A respecto do topónimo da nación, a forma Galiza posúe o valor engadido de fuxir da homoxeneización e de simbolizar a arela de identidade. A escolla é de cadaquén. No tocante á dialéctica nacionalismo-independentismo, penso que se complementan e necesitan. Outra cousa é considerarmos a estratexia e a conxuntura política na que ambos confluír.

M.V. Que significa para ti o termo, aínda vixente de "nacionalidade histórica"? Significa algo neste momento, ou pola contra é algo reseso que agora mesmo non serve para nada?

X.C. É operativo para lembrarmos o esforzado e intelixente traballo desenvolvido polo nacionalismo galego dende a creación das Irmandades da Fala, que culminou coa aprobación popular do Estatuto de Autonomía do 36. Por iso agora somos nación.

M.V. Cres que hai, en liñas xerais, un abandono ou desleixo das liñas esenciais e fundamentais, nas cales participa o nacionalismo galego que o BNG representa, que retroceden e se instalan nunha socialdemocracia, e mesmo se acomodan no que poderíamos chamar "neopiñeirismo"?

X.C. Para o carro!, que non hai que ir tan aló. A condición actual de nacionalismo aglutinante do BNG determina, ao meu entender, que haxa que conxugar a fidelidade a uns principios ideolóxicos –sen dúbida situados na esquerda– coa necesidade de penetrar o discurso en novos sectores da sociedade. Nestas últimas décadas mudaron moito as circunstancias políticas e sociais. Segue a haber condutas moi desemeillantes entre o mundo urbano-vilego e o rural. Son dos que pensa que cómpre non renunciar ás esenciais.

M.V. E a propósito da lingua, do idioma, cal cres ti que é a situación? Pérdense falantes ou acaso o estado da cuestión non é tan dramático como o pintan dende algúns sectores político-culturais?

X.C. A realidade está á vista, sen necesidade de adobíos. O MSG 2004 denuncia o retroceso global da transmisión primaria do galego, sobre todo en espazos urbanos. Algo se fixo mal todo ese tempo.

M.V. Os casteláns falantes –aínda que sexan eles galegos–, en reflexións ao meu xuízo patéticas máis que delirantes, manifestan que o seu idioma corre moito perigo polas políticas lingüísticas de Euscadi, Cataluña e Galicia, cando realmente, e ao meu ver, a presión do castelán aquí é realmente abafante, exterminadora, pois non hai máis que lle botar unha ollada, aos medios de comunicación en xeral para se decatarse da situación de desigualdade que o galego soporta... Podes reflexionar sobre esta miña pregunta?

X.C. Dilo ti moi ben. Con relación aos medios, nos máis dos casos, ocultan a presenza viva do noso idioma. Cando este está presente, adoita ser en termos de conflito lingüístico. Quen sinta o idioma ameazado, que tente facer un día vida normal en galego. Soster que o castelán está en perigo son entelequias, tangaraños ou elucubracións manipuladoras.

M.V. Os partidos que eu digo españois en Galicia, como o PP e o PSOE, fan pouco pola lingua, uns nada e outros semellando que fan. Co de nada, refíromo abertamente ao PP, que incluso é contrario a morna política lingüística do bipartito. Que opinas ti a propósito disto?

X.C. En 1983 aprobouse a Lei de Normalización Lingüística, aínda hoxe plenamente sen acadar. O Pleno do Parlamento aprobou, por unanimidade, en 2004, o Plan xeral de Normalización da Lingua Galega, que se empeza agora a desenvolver. Son textos aprobados por todos, non é? Cómpre afondar nunha política que, por sectores e áreas, contemple obxectivos, medidas e criterios de avaliación.

M.V. Ti es partidario dun máis fondo achegamento ao portugués, ou cres que o achegamento debería producirse ao revés, tendo de conta determinadas coordenadas históricas? Lusistas ou reintegracionistas de aquí escriben nun artificio intermedio que eu non considero nin portugués nin galego; cal é a túa opinión dende o punto de docente licenciado en Filoloxía galego-portuguesa?

X.C. O achegamento ten que se dar en termos culturais. Sei de certo que, se aquí se ignora moito do creado en Portugal, o descoñecemento é ben maior con respecto ao que nós producimos. Innegábel é o tronco lingüístico común, do que por certo somos berce. Debemos coidar, cultivar e exportar o idioma galego sen complexos.

M.V. Sénteste dalgunha maneira filólogo, lingüista...?

X.C. Son un galego que procuro facer uso normal da miña lingua, a nivel oral e escrito. Quen aprende un idioma de fóra afánase en expresalo o mellor posíbel. Aquí, moitos dos propios, esquecen esta norma elemental.

M.V. Sería posíbel e mesmo acertado que o BNG concorrese ás eleccións coa FPG, ou consideras que non é minimamente coherente? A FPG recórdoche que ten unha postura máis clara a respecto da Nación, e polo tanto do independentismo, algo que a min paréceme que non está moi claro no BNG, agás nalgúns dirixentes e militantes cuxos nomes son de sobra coñecidos. Podes opinar libremente?

X.C. E non vou poder! No mapa político da actualidade o nacionalismo galego só ten unha forza con representación parlamentaria. Isto é anormal. Será bo que, ao haber máis escanos nacionalistas, no futuro entren outros grupos e se establezan alianzas e acordos de goberno. "Común temos a patria", é un verso solidario de Celso Emilio Ferreiro.

M.V. Retornemos á política lingüística: o que se está a facer é o ideal ou existe algún tipo de eiva?

X.C. Cómpre transmitirle á nosa sociedade que termos unha lingua propia, ao tempo que nos singulariza do resto do mundo, é algo útil e enriquecedor, xa sexa no tocante ao desenvolvemento cognitivo dos rapaces, a maiores oportunidades no eido laboral ou ao feito de coñecer, de primeira man, outros países e culturas. Neste sentido hai moito por facer.

M.V. Es autor, ou co-autor, duns cantos libros, e coordinador de diferentes congresos. De todos os traballos publicados, con cal te identificas máis, quero dicir, de cal estás máis satisfeito, pois, evidentemente, o que identificar supoño que te é identificarás con todos, non si?

X.C. Entrecollo os actos de restitución da dignidade para as vítimas do franquismo que membros da asociación Arraianos artellamos na bisbarra de Celanova nos últimos anos. Dese clamor agromou *Volverlles a palabra*. Quédanme na lembranza os 97 anos de ollar intelixente e agradecido do Sr. César, *O Reino do Viso*. A emoción renovada da familia do Celso de Poulo, alcalde de Gomesende no 36. Síntome ben ao pé da xente e creo nos proxectos comunais.

M.V. Literatura galega no amplo sentido. Vivimos o mellor momento da nosa historia, ou pensas que non é para tanto, como manifestan uns máis que outros?

X.C. Con haber unha produción aceptábel, en termos xerais, supoño que non será para tanto, xa que segue a haber eivas de fondo. Cómpre divulgar, distribuír, espaxar os nosos produtos culturais, ademais de cara ao exterior, en todo o territorio –incluídos os espazos con menor poboación– e en todos os sectores sociais e de idade. Publícase abondo. Lese pouco.

M.V. Consideras urxente a reforma do Estatuto, ou é algo que se pode adiar?

X.C. Canto máis tarde, peor. A soberanía, a auténtica, exerceuse con poder de decisión.

M.V. "Galicia Bilingüe" e AGLI, cal é a túa opinión sobre estas dúas organizacións?

X.C. Con respecto á nosa especificidade idiomática o seu obxectivo é aniquilador. Non merecen nin unha liña a pé de páxina. Teñen poderosos ecos de resonancia en importantes medios de comunicación.

M.V. No canto da lexicografía observas carencias ou estamos no mellor dos camiños?

X.C. Resulta imprescindible que, entre outras instancias, os representantes públicos se expresen nunha lingua coidada e rica. Na vida cotiá, empregando unha variedade depurada, debemos potenciar a riqueza dialectal da nosa fala viva.

M.V. Autoodio, diglosia.... Podes falar disto?

X.C. A miña filla ten dous anos. Cada vez que a levo ao parque, nun barrio obreiro compostelán, reparo sempre nun avó que só non fala galego cos rapaces. Sabe ben que Minia e eu nos expresamos decote en galego, mais, cando se achega a nós, o que a min me di na súa lingua habitual a ela tradúcello ao castelán. Non o fai el só.

M.V. O material para o ensino en galego, textos nos que ti traballas, en que bos ou malos vieiros está?

X.C. O meu campo de labor é, sobre todo, o da literatura. Neste eido obsérvanse diferenzas nidias dunha a outra editorial. A teor da miña experiencia, comprobei que hai selos cunha concepción sucursalista, periférica e provinciana da nosa cultura, fronte a outros que si enxergan as cousas dende dentro. Creo que a través do ensino, amais de desenvolver as capacidades de comprensión e expresión, hai que tentar crear lectores reais e non de circunstancias.

M.V. Como sabes, Ramón Piñeiro é a quen se lle dedicará o Día das Letras no 2009. Pensas elaborar algún texto, escribir algún libro sobre el?

X.C. Non está na miña intención. Creo que debería haber máis dun estudo que abranguese a súa figura a partir da (re)lectura do *Retorno a Tagen Ata*, de Méndez Ferrín.

M.V. O ensaio que hai uns anos publicaras en Laiovento, ‘Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética’, que repercusión tivo no universo intelectual galego?

X.C. Foi un exercicio necesario de achegarlle á xente unha figura fundamental da nosa cultura. Cómpre reorientar o sentido das Letras Galegas. Este é un caso de ‘pasou o día e pasou a romaría’. Coma outros, semella que xa tiveron abondo. Despois de fastos e festas adoita aplicarse unha política de esquezo e terra queimada. As Letras teñen que valer para interpretar no seu conxunto e ver a súa pegada no proceso de construción nacional de estéticas, correntes e movementos significativos da nosa historia cultural. E, dende logo, para subliñar e aguillar o cultivo, nas máis variadas dimensións, do noso idioma. Dun xeito activo, en especial –mais non só– entre mozos e adolescentes.

M.V. E unha pregunta inevitábel. O laicismo debe substituír calquera credo na cuestión pública, e no ensino é fundamental. Así pensamos moitos galegos e galegas. Pensas ti da mesma maneira ou queres matizar algo a respecto desta observación?

X.C. A nivel individual cadaquén é libre de se adoutrinar e de practicar calquera das diferentes crenzas ou opcións relixiosas. Ora ben, sosteño e reivindico a laicidade do noso sistema educativo público. Con todas as consecuencias. Neste sentido, aínda hai apenas uns días, asinei o manifesto *Pola rectificación da orde de optativas do Bacheralato*.

Para cando queda, por certo, a homenaxe, o estudo e a divulgación do labor fundamental dos mestres da Segunda República? Aí si había un proxecto e unha praxe educativa coherente.